

## **ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O VALEDOR DO POBO PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN EN RELACIÓN AOS AFECTADOS POR PROCEDIMENTOS DE EXECUCIÓNS HIPOTECARIAS.**

En Santiago de Compostela, a 29 de maio de 2015

### **R E U N I D O S**

Dunha parte, Dna. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG nº 16, do 24 de xaneiro), modificado polo Decreto 115/2014, do 11 de setembro (DOG nº 181, do 23 de setembro), e na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo, segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, D. José Julio Fernández Rodríguez, na súa condición de Valedor do Pobo, segundo Resolución do 24 de maio de 2012, da Presidencia do Parlamento de Galicia, relativa ao acordo da Comisión de Peticións, sobre o desempeño das funcións do Valedor do Pobo interinamente polo vicevaledor 1º (DOG nº 99, do 25 de maio), e en virtude das facultades conferidas no artigo 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

As partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente acordo e, para o efecto,

### **E X P O Ñ E N**

**Primeiro.-** Ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, correspóndelle a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, especialmente para os sectores con menos capacidade económica.

Habida conta da situación de grave crise económica dos últimos anos e co obxecto de atender as familias afectadas por execucións hipotecarias derivadas da falta de pagamento de créditos ou préstamos garantidos con hipoteca, o Goberno español aprobou dúas

normas dirixidas a paliar as ditas circunstancias: o Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, e o Real Decreto-lei 27/2012, do 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección aos debedores hipotecarios.

A gravidade social destas situacións fixo necesario que o Instituto Galego da Vivenda e Solo establecera medidas adicionais ás estatais. Así, no cumprimento do previsto na disposición adicional oitava da Lei de Vivenda, o Consello da Xunta aprobou o 5 de decembro de 2012 o *Programa de Realoxo de Colectivos Afectados por Execucións Hipotecarias*, consistente na implementación dun procedemento áxil para a adxudicación directa de vivendas de promoción pública e o inicio da tramitación para implantar medidas complementarias, ao amparo do Programa Aluga, empregando preferentemente as vivendas de promoción pública que forman parte do parque de vivendas propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Á parte destas medidas, a Xunta xa estaba actuando, destinando as vivendas de promoción pública, recuperadas ou vacantes despois do procedemento de adxudicación, ao realoxo de familias en situación de desamparo ou con especiais dificultades. Dende 2009, máis de 157 familias foron realoxadas en vivendas de promoción pública.

**Segundo.-** Durante o ano 2014 recibíronse ante o Valedor do Pobo 54 queixas en materia de vivenda, referidas fundamentalmente á supresión das axudas públicas en forma de subsidiación de préstamos convidados para a adquisición de vivendas de protección pública, aos defectos ou deficiencias en vivendas tanto de promoción pública coma de protección autonómica e aos desafiuamentos da vivenda habitual dos debedores hipotecarios.

O Valedor do Pobo manifesta que as queixas sobre vivenda refírense basicamente á insatisfacción dos reclamantes coa actuación da administración, en canto á insuficiencia das axudas públicas para o acceso á vivenda nun contexto de redución do gasto público, pero ao mesmo tempo constata que unha parte das queixas presentadas responden a unha insuficiente información por parte dos cidadáns sobre as distintas actuacións e medidas desenvolvidas por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

**Terceiro.-** As partes manifestan o seu interese en establecer unhas pautas de colaboración que faciliten o intercambio de información entre o Valedor do Pobo e o Instituto Galego da

Vivenda e Solo, para dar unha resposta áxil ás persoas afectadas por unha execución hipotecaria, de cara a solucionar a súa carencia de vivenda.

Polo exposto, e coa vontade de coordinar as súas actuacións no obxectivo sinalado,

### **AS PARTES ACORDAN**

**Primeiro.-** Establecer un marco de colaboración que permita facilitar un intercambio rápido e áxil de información entre o Valedor do Pobo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo coa finalidade de, por unha banda, proporcionar ás familias afectadas por execucións hipotecarias, derivadas da falta de pagamento de créditos ou préstamos garantidos con hipoteca, unha mellor atención e información sobre os seus dereitos e sobre as actuacións e medidas desenvolvidas por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo e, por outra banda, dar unha resposta áxil ás demandas dos afectados por execucións hipotecarias.

**Segundo.-** Para a consecución deste obxectivo, o Valedor do Pobo procederá a dar traslado, preferentemente por medios electrónicos, de toda a información correspondente ás queixas ou consultas presentadas ante o mesmo nesta materia, con independencia da súa tramitación efectiva, de conformidade co establecido na Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, para os efectos de que o Instituto Galego da Vivenda e Solo proceda a valorar se as mesmas cumpren os requisitos establecidos no *Programa de Realoxo de Colectivos Afectados por Execucións Hipotecarias* ou, en caso contrario, poidan acollerse a outras actuacións ou medidas desenvolvidas polo devandito organismo.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo procederá, na maior brevidade posible, a contactar coas persoas afectadas para informalos do referido programa e a verificar se cumpren ou non os requisitos e, de ser o caso, sobre a posibilidade de acollerse a outras actuacións ou medidas.

No suposto de que cumpran os requisitos, o IGVS ofertaralle unha vivenda nas condicións do programa de realoxamento, xa sexa a través dunha vivenda de promoción pública ou a través do programa Aluga, na mesma localidade ou en localidades próximas, en función das vivendas dispoñibles.

Unha vez finalizadas as anteriores xestións, o Instituto Galego da Vivenda e Solo trasladará ao Valedor do Pobo o correspondente informe, coas actuacións realizadas ao respecto.

**Terceiro.-** O presente acordo de colaboración terá carácter de mera declaración de intencións e non xerará obrigas económicas nin xurídicas das partes que interveñen, sen prexuízo do seu posible desenvolvemento e concreción por medio dos instrumentos que procedan ou das actuacións necesarias, conforme coa normativa vixente.

**Cuarto.-** Coa finalidade de garantir a consecución do obxectivo descrito e de asegurar unha coordinación efectiva entre as partes, constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, que se encargará da proposición de accións, do seu desenvolvemento e da avaliación dos resultados das actuacións executadas.

**Quinto.-** As partes poderán participar, no seu caso, na promoción e difusión das actividades e dos resultados obtidos como consecuencia da execución deste acordo mediante as publicacións correspondentes nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

**Sexto.-** O presente acordo terá unha vixencia dun ano, a contar dende a súa sinatura, podendo prorrogarse por un período igual, mediante acordo expreso das partes.

**Sétimo.-** As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento, unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente acordo, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

En proba de conformidade, asíñase o presente acordo, no lugar e data antes citados.

**Polo IGVS**

**Polo Valedor do Pobo**